

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

Av. Porto da Coruña 2
15003 A Coruña

INFORME

s/ref.: 2018/1198

n/ref.: SATM/urbVDV2019_009mpxSNRinfPAT

Expediente: delimitación de solo de núcleo rural no termo municipal de Valdoviño

Trámite: consultas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada

Asunto: contestación ás observación e suxestións en materia de patrimonio cultural

Destino: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo

1 ANTECEDENTES

Con data do 21.10.2020 foi emitido, durante a tramitación indicada, un informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (en adiante DXPC) sobre o borrador e documento ambiental estratéxico da delimitación de solo núcleo rural de referencia, no que constan formuladas determinadas observacións e suxestións.

2 OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓN FORMULADAS

A continuación figuran expostas as xustificacións que se estiman procedentes sobre a incorporación ou non das referidas observacións e suxestións a este instrumento de ordenación¹.

2.1 Ausencia de valor cultural

2.1.1. Non inclusión no catálogo de elementos sen interese cultural

En relación coas infraestruturas tradicionais de carácter hidráulico, unha vez revisada de forma conxunta cos técnicos do Concello a documentación aportada por esa Dirección Xeral, con data do 04.02.2021 foi realizada unha nova prospección ao respecto por este equipo redactor.

Como resultado desa nova inspección, confirmouse que os referidos elementos carecen de suficiente interese patrimonial para ser incorporados ao catálogo de protección.

2.1.2. Anulación de criterios improcedentes na catalogación

Elimínanse os criterios de catalogación referidos ao estado de conservación.

¹ O contido deste informe fica incorporado, de forma sintética, no apartado 08 da memoria da delimitación.

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

Av. Porto da Coruña 2
15003 A Coruña

2.2 Incremento da protección cultural

2.2.1. Inclusión de novos elementos no catálogo

Incorpóranse as dúas escolas unitarias que se atopan nos lugares da Ramalleira (Pantín) e Pena do Boi (Vilaboa). Porén, revisado o catálogo de *As escolas da emigración. Un proxecto do Arquivo da Emigración Galega*, constatamos que ningún destes centros se atopa nos núcleos que se están a delimitar.

En relación cos hórreos compre sinalar que se estableceron os seguintes criterios:

- aqueles que se poden presumir anteriores a 1900 cualifícanse como bens de interese cultural cunha protección integral
- os do tipo cabana con cámara de madeira, que teñen unha antigüidade menor pero son anteriores á década dos anos 60, son cualificados como bens catalogados coa mesma protección integral
- os que teñen unha cámara formada por columnas de formigón e pequenas lousas dispostas en horizontal entre elas, de data máis recente e que dispoñen de celeiro ou cepas de cachotaría, inclúense como bens catalogados con protección estrutural por ser unha tipoloxía propia da área xeográfica na que se integra este concello
- os do mesmo tipo que os anteriores, de data máis recente e que dispoñen de cámara ou celeiro de tixolo revestido, non se consideran merecedores de protección patrimonial

O Camiño Vello a Santo André de Teixido foi eliminado da listaxe de elementos protexidos, por considerar máis procedente que sexa catalogado polo Plan xeral actualmente en trámite. Así mesmo, elimínanse os muros tradicionais por entender suficiente a protección urbanística atribuída pola LG 2/2016 no seu art. 26.1.e), así como polas propias ordenanzas incluídas nesta delimitación (punto 8.b das "*Condicións de protección do patrimonio*").

2.2.2. Maior contido das fichas do catálogo

Efectúase un maior axuste das fichas á normativa vixente, por medio das seguintes accións:

- incorpórase a clasificación e cualificación dos bens segundo dispón a LG 5/2016
- complétase o apartado de criterios de intervención, facendo referencia aos art. 41 e 42 da LG 1/2019, así como tamén aos art. 44, 53, 89, 92 e demais da LG 5/2016
- incorpórase unha descrición xeral do elemento e das características singulares que deben ser obxecto de protección, en aplicación do disposto no art. 81 da LG 2/2016 e no art.197 do RSG/2016²
- complétanse as fotografías naqueles bens onde se considerou preciso e foi posible realizalas (debido a tratarse de propiedades privadas).

Por outra parte, en relación cos distintos niveis de protección, o ambiental resérvase para aquelas vivendas tradicionais que son merecedoras dunha maior protección que a

² Cómpre considerar que o capítulo V da LG 1/2019 regula diversos aspectos das intervencións en bens con protección ambiental ou estrutural pero non o contido das fichas dos catálogos.

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

Av. Porto da Coruña 2
15003 A Coruña

directamente outorgada pola lexislación urbanística, pero que non posúen caracterización suficiente para gozar do estrutural. Asemade, esta mesma protección ambiental tamén se outorga ás escolas unitarias porque, se ben non teñen un interese individual destacable, entendemos que deben ser protexidas como testemuña dun modelo de educación rural nun período histórico concreto.

Finalmente, corríxese a nomenclatura dos bens arqueolóxicos para que coincida no índice e nas fichas, así como se revisa a catalogación dos seguintes elementos agrupados:

- inclúense as vivendas de soporte a fornos que conservan as características tradicionais, formando un conxunto coherente (agás no caso da codificada como FN 03 porque, debido ás intervencións efectuadas, non procede maior protección que a urbanística)
- identifícanse os bens que forman parte dunha agrupación, con constancia nas fichas

2.2.3. Mellor delimitación dos contornos de protección

Unifícanse os criterios de delimitación dos contornos de protección do patrimonio arquitectónico e etnolóxico; revisándoos para que se adapten mellor ao parcelario, elementos físicos preexistentes, edificacións ou determinacións da ordenación (límite de ordenanzas, aliñamentos, etc.); así como considerando, no seu caso, a incidencia singular da súa relación visual e formal co ben.

2.2.4. Perfeccionamento dos planos de ordenación

Nos planos 02 de "Ordenación" recóllense os datos do antigo 03 de "Protección" (de forma que toda a información se pode consultar de forma conxunta), eliminando as sebes cartografiadas, incluíndo a lenda dos muros detectados e suprimindo unha liña fucsia e grosa improcedente.

Así mesmo, seguindo os criterios do órgano competente en materia de urbanismo, os aliñamentos débúxanse cunha liña continua (vermella); de xeito que se poden distinguir os novos propostos e a sección acoutada dos existentes. Nos muros tradicionais a conservar (recollidos tamén nos planos de información) engádese un bordo negro ao aliñamento como resultado da representación superposta desa liña co muro tradicional.

2.2.5. Aplicación da normativa de solo de núcleo rural tradicional

A este respecto, debido a que as normas de aplicación directa contidas no art. 91 da LSG 2/2016 e no título III do RSG/2016 vinculan a "(...) todos os instrumentos de planeamento urbanístico e ás administracións públicas (...)", así como aos "(...) particulares que deberán telas en conta nas obras e actuacións que promovan, en execución do planeamento urbanístico (...)", realízanse as seguintes precisións:

- no punto 5 de "Condicións da edificación" engádese que "(...) No caso de edificacións tradicionais en ruínas procurárase a reciclaxe destas preexistencias e a súa incorporación na nova edificación, facilitando a integración ambiental da mesma (...)"; sen que se considere necesario facer referencia no

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

Av. Porto da Coruña 2
15003 A Coruña

apartado de "Voos" ao punto 9.e, dado que ambas determinacións figuran baixo a mesma regulación³

- prohibense os sotos e semisotos na ordenanza T1, mentres que se permiten na T2 cando estean vinculados ao uso residencial ou a unha actividade que xustificadamente os precise; cumprindo as condicións do Anexo I do RSG/2016 e das NSC/1993 e observando a prohibición do art. 26.1.d da LSG 2/2016 para "(...) Aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar (...)", de xeito que "(...) Os edificios deberán implantarse no terreo de xeito que se integren na morfoloxía ou topografía, sen realizar grandes transformacións ou alteracións negativas e, polo tanto, cos movementos de terra estritamente precisos para acomodar o edificio e ordenar, se fose o caso, a parcela"(...)"
- elimínase a necesidade de autorización sectorial para o traslado de muros tradicionais, condicionando este desprazamento a que se faga coas características e técnicas orixinais mediante a reutilización das pezas correspondentes.

CONCLUSIÓN

Única: observacións e suxestións formuladas pola Dirección Xeral de Patrimonio

En atención ás referidas observacións e suxestións cómpre modificar a delimitación do solo de núcleo rural de Valdoviño en trámite, mediante a incorporación de todo o que resulta procedente consonte figura alegado no presente informe.

Este é o noso informe que, composto de 4 páxinas numeradas e sometido a opinións mellor fundadas, emitimos sobre as observacións e suxestións formuladas pola Dirección Xeral de Patrimonio na delimitación do solo de núcleo rural de Valdoviño en trámite, co fin de que conste para os efectos oportunos.

A Coruña, 1 de xullo de 2021

Polo equipo redactor:

Teresa Fernández Lorenzo
Arquitecta do SATM

Visto e prace, o xefe do SATM

Daniel Beiras García-Sabell
Arquitecto do SATM

Xosé Francisco Freire Corzo

³ art. 3.1 do CC/1989; art. 6 da LSG 2/2016